

Boletín nº1 Deporte de Orientación

**XXIV LIGA GALEGA**

**XIV TROFEO UNIVERSIDADE de VIGO**

Sábado, 6 de xuño de 2015

**Proba para federados e non federados.**

**>Organiza:**

Club Universidade de Vigo.

Federación Galega de Orientación

Club Lupalu

**>Inscripcións:**

**Polo novo sistema:** [www.fegado.es/intranet](http://www.fegado.es/intranet)

**Rexistrarse como usuario:** [www.fegado.es/intranet](http://www.fegado.es/intranet)

Todas as inscricións deberán ser realizadas a través da páxina web da la FEGADO xa indicada e non será aceptada ningunha outra que non sexa feita deste xeito, nin no prazo indicado.

Para usuarios xa rexistrados unicamente se terán que inscribir na proba. Para os demais deberán rexistrarse primeiro e a continuación apuntarse na sección “eventos”. Neste segundo caso o corredor se non pertence a ningún club deberá indicar “sen club”. Os campos marcados cun \* son obrigatorios, e o resto pódense cubrir cando o corredor desexe, aínda que agradecemos que se nos cubran todos os datos solicitados.

**Data Limite:** Martes 2 de xuño ás 22:00 h.

A Banca. Club Lupalu N/C ES 67 2080 5000 6330 4024 4534

## Tarxeta SportIdent

Todos os percorridos utilizarán tarxeta SportIdent e polo tanto todos os corredores deberán indicar o seu número de pinza á hora de realizar a inscrición. Se non é así, a organización asignaralles unha pinza de aluguer cun custe de 3€. Dita pinza deberá ser recollida na secretaría antes do inicio da carreira e devolta á organización xusto no momento de chegar á meta. Pola perda ou deterioro da mesma aboaranse 30€.

### >Cotas:

4€ (federados FEDO, FEGADO), 6€ (INI. Curta), 8€ (NI. Longa)

Gratuíta para os estudantes da Universidade de Vigo.

As cotas estipuladas deberán ser aboadas na conta bancaria indicada, tanto a pertencente á inscrición propiamente dita, coma a do aluguer da pinza, se procedera. Unha vez formalizado o pagamento debe enviarse por correo electrónico unha copia do resgardo do xustificante ao enderezo: [carreras.orientacion.vigo@gmail.com](mailto:carreras.orientacion.vigo@gmail.com). Así mesmo, os estudantes da Universidade de Vigo que participen deberán enviar copia do resgardo de matrícula do presente ano académico.

Se non se envían os xustificantes correspondentes os corredores non poderán participar na proba.

### >Zona de competición e concentración:

Centro de competición na Área Comercial do Campus Lagoas Marcosende de Vigo.

A9 Dirección Vigo-Aeroporto-Porriño-Ourense-Madrid.

Saída 159A

Vial interior (Gasolineira)

Dirección Tanatorio Vigo Memorial / Viveiros Adoa

Campus Universitario (Cuvi)

### >Programa:

09:30 h.: entrega tarxetas.

10:30h .: saída 1<sup>o</sup>a corredor/-a.

14:00 h.: peche de meta.

### >Mapa:

Elaborado segundo as normas IOF nos anos (2011, 2013, 2015). Revisión de campo en maio 2015 é ampliación do mesmo en un km cadrado.

Mapa idóneo para o deporte da orientación, dominan as áreas despexadas, mesturadas con zonas urbanas. semipoboadas é boscosas.

A boa visibilidade e a limpeza en certas zonas do terreo, facilitarán as velocidades moi altas de carreira que se alternarán con pendentes variables e dificultade técnica de interpretación.

### >Categorías:

As contempladas no regulamento da XXIV Liga Galega 2015.

<http://fegado.es>

### >Percorridos:

Percorridos oficial: 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9,10,11,12

Iniciación nenos

Iniciación maiores

Escala todos os percorridos, 1:7.500. Eq 5m.

Os deportistas non federados, independentemente da idade, so podrán inscribirse en INI CURTA o LONGA. Para estes dos percorridos, a saída será na modalidade Estación Start (sin hora de saída fixada), entre as 10:30 – 12:00h., habrá habilitado un pasillo SO para eles

### >Outras Informacións:

Control por Tarxetas SporIdent en todos os percorridos.

Estacionamento e auxilios na zona de concentración.

Froita, auga e bebidas isotónicas.

Trofeos: tres primeiros clasificad@s das categorías Elite.

**>Normas:**

1. Todo corredor deberá prestar axuda se atopa a algún corredor lesionado.
2. Deberá respectar as balizas de control.
3. En caso de abandono será obrigatorio presentarse na meta.
4. Tanto organizadores como competidores están obrigados a respectar o medio ambiente.

**>Prevención de riscos, instrucións de seguridade e recomendacións:**

1. Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes das carreiras de orientación a pé.
2. Todos os participantes veranse obrigados nalgún momento a circular ou cruzar algunhas estradas. Trátase de estradas asfaltadas, cuxo nivel de circulación é moi baixo ou nulo (recordando a todos os participantes que teñen a obriga de coñecer e respectar as normas de circulación).
3. Todo participante ao efectuar a inscrición da carreira, enténdese que autoriza o uso de imaxes da mesma para poder ser publicadas en calquera medio de comunicación.
4. No punto sinalado no plano co símbolo dun “vaso”, abera fontes perfectamente localizables é sinaladas con cinta de balizar.
5. Lembramos que queda totalmente prohibido para os participantes nesta proba adestrar ou participar en calquera actividade na zona de competición. No caso de incumprimento desta norma, o corredor será descalificado ao rematar a proba.